

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 5 DE SETEMBRO DE 2016

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e trinta minutos do día cinco de setembro de dous mil dezaseis, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúne a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 445 de data 18 de marzo de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona María Jesús Gómez González, don Ramón Boga Moscoso e dona Josefa Vázquez Soto.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria de data 29 de agosto de 2016

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 29 de agosto de 2016 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis membros que asistiron á citada sesión (non asistiron don Óscar A. García Patiño e don Ramón Boga Moscoso), aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 12 de agosto de 2016, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións que desenvolverán as corporacións locais para a posta en marcha de programas de axudas económicas e familias con menores a cargo para a compensación dos seus gastos farmacéuticos, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017. (Diario Oficial de Galicia número 161, do 26 de agosto de 2016).

- Orde do 11 de agosto de 2016, da Consellería de Política Social, pola que se establecen as axudas económicas ás familias para a atención a domicilio de nenas e nenos menores de 3 anos a través do programa Bono coidado e se procede á súa convocatoria. (Diario Oficial de Galicia número 161, do 26 de agosto de 2016).

3º. Expedientes de contratación

3.1 Aceptación do uso dos terreos de titularidade privada incluídos no proxecto asinado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal coa data do 20 de xuño de 2016 denominado "Aparcamentos provisionais na Unidade de Execución número 4 e A Coutelana.

Visto que con data de 7 de agosto de 2015 emitiuse informe polo inspector da policía local no que se xustificaba a necesidade de habilitar zonas de aparcamento nas parroquias de O Temple e Cambre e propoñía *“de ser factible, buscar fórmulas de cooperación para lograr a cesión de terreos/solares situados nas proximidades do novo centro de saúde de O Temple e, concretamente, dos situados nas rúas Estanque de Abaixo e rúa Abeleira, así como os terrenos situados na rúa Álvaro Cunqueiro e a Nacional VI, así como os terrenos situados fronte ao Colexio Portofaro. Todos estes terreos atópanse situados nas proximidades de centros dotacionais como os colexios públicos Graxal II e Portofaro e do novo Centro de Saúde e escola infantil O Temple. Na parroquia de Cambre propóñense os terrenos ubicados na Unidade de Execución 4. De conseguir ditos terreos incrementariase notablemente o uso dun ben escaso cal é o do dominio público destinado ao find e estacionamentos públicos”*.

Visto que con data de 20 de xuño de 2016 asinábase polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipais o proxecto denominado “Aparcamentos provisionais na UE 4 e na Travesía Cautelana”, no que se facía constar que parte da actuación se realiza en terreos de titularidade privada.

Visto o escrito rexistrado de entrada con data de 19 de xaneiro de 2016, ao número 0/419, presentado por **Patrucial S.L.**, con CIF B155241135, representada polo seu administrador único, don Emilio Cortés Varela, con DNI 76314483T, según escritura número de protocolo 2571, de 16 decembro de 2011, outorgada ante o notario don José Manuel Lois Puente, no que propón ceder o uso de 1.190 m2 da parcela rexistral 32442 inscrita no Rexistro da Propiedade nº5, con referencia catastral 3537715NH5933N0001MX, co fin de implantar un aparcadoiro público provisional no centro da parroquia de Cambre.

Visto o escrito rexistrado de entrada con data de 19 de abril de 2016, ao número 0/3122, presentado por **Patrucial S.L.**, con CIF B155241135, completando o anterior.

Visto o escrito rexistrado de entrada con data de 27 de novembro de 2015, ao número 0/10661, presentado por **Vernalia Inversiones S.L.**, con CIF B15968456, representada pola administradora solidaria dona María del Carmen López López, con DNI 34255361N, segundo escritura número de protocolo 706, outorgada ante o notario don Víctor Peón Rama con data de 14 de abril de 2011, no que propón ceder o uso da totalidade da parcela inscrita no Rexistro de Propiedade número 5 de A Coruña, tomo 2502, libro 249, folio 24, alta 4, número de finca 11483, con referencia catastral 2360906NH5926S0001RI.

Visto o escrito rexistrado de entrada con data de 23 de xuño de 2016, ao número 0/5509, presentado por **Vernalia Inversiones S.L.**, con CIF B15968456, representada neste acto por don Carlos Hernández López, con DNI 32397764X, a quen a administradora solidaria, dona María del Carmen López López, con DNI 34255361N, lle outorgou poder “apud acta” para representala neste acto, segundo escritura número de protocolo 706, outorgada ante o notario don Víctor Peón Rama con data de 14 de abril de 2011, no que propón ceder o uso da totalidade da parcela inscrita no Rexistro de Propiedade número 5 de A Coruña, tomo 3122, libro 436, folio 13, alta 2, número de finca 11574, con referencia catastral 2360904NH5926S0001OI.

Visto o escrito rexistrado de entrada con data de 1 de setembro de 2016, ao número 0/7201, presentado pola entidade “**Confer Inversiones S.L.**”, con CIF B15712458, representada por don



Miguel Ángel Conde Martínez, con DNI 32807150L, no que propón a sinatura dun contrato de comodato sobre a parcela da súa titularidade, finca rexistral número 11573, inscrita no Rexistro da propiedade número 7 da Coruña, libro 405 de Cambre, folio 170, con referencia catastral 2360907NH5926S0001DI.

Visto o escrito rexistrado de entrada con data de 1 de setembro de de 2016, ao número 0/7202, presentado pola entidade "**Confer Inversiones S.L.**", con CIF B15712458, representada por don Miguel Ángel Conde Martínez, con DNI 32807150L, por dona **María Barbeito Reboredo**, con DNI 32786961, por don **Santiago Fresco Barbeito**, con DNI 76294062A e por don **Ramón Segundo Fresco Barbeito**, con DNI 32786962W, no que propón a sinatura dun contrato de comodato sobre a parcela da súa titularidade, finca rexistral número 53, inscrita no Rexistro da propiedade número 5 da Coruña, libro 163 de Cambre, folio 219, con referencia catastral 2360905NH5926S0001KI.

Vistas as condicións que se inclúen en cada un dos citados escritos.

Visto o expediente tramitado ao efecto e o informes emitidos pola secretaria accidental e polo interventor municipal con datas de 1 e 2 de setembro actual, respectivamente.

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 2 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: aceptar a cesión de uso proposta no escrito rexistrado de entrada con data de 19 de xaneiro de 2016 ao número 0/419, presentado por **Patrucial S.L.**, con CIF B155241135, representada polo seu administrador único, don Emilio Cortés Varela, con DNI 76314483T, según escritura número de protocolo 2571, de 16 decembro de 2011, outorgada ante o notario don José Manuel Lois Puente, no que propón ceder o uso de 1.190 m2 da parcela rexistral 32442 inscrita no Rexistro da Propiedade nº5, con referencia catastral 3537715NH5933N0001MX, co fin de implantar un aparcadoiro público provisional no centro da parroquia de Cambre, conforme ás seguintes cláusulas:

"Primeira- Cesión e destino.- O Concello de Cambre (en adiante, usuario) utilizará única e exclusivamente a parcela obxecto de cesión para aparcadoiro público provisional. Calquera outro uso distinto requirirá autorización expresa do cedente.

O usuario poderá realizar todas as obras necesarias para que a parcela sirva ao fin para o que se cede; en concreto, segundo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data de 19 de novembro de 2015, "os traballos de acondicionamento consisten basicamente na limpeza e desbroce da explanada, nivelación e posta cota da súa capa base para posteriormente pavimentar a superficie mediante aporte de material reciclado para a súa reutilización como material reciclado para a súa reutilización como material granular de granulometría continua".

Así mesmo, o usuario poderá realizar todas aquelas obras que resulten necesarias para a súa conservación e mantemento.

Queda prohibida a cesión do uso obxecto deste contrato a favor de terceiras personas, por calquera título.

Segunda- Gratuidade. - A presente cesión de uso ten carácter gratuito, en consideración ao seu destino e ó interese público que representa o usuario.

Terceiro- Gastos. - Serán por conta do usuario todos os gastos necesarios para o uso, conservación e mantemento da parcela obxecto de cesión, así como dos ocasionados como consecuencia do seu uso, incluíndo o consumo de electricidade, auga e, no seu caso, o mantemento dos seus propios contadores, licenzas de obra e apertura, etc.

Tamén serán por conta do usuario todas as reparacións a realizar no interior da finca ou nos seus accesorios que traian causa directa e inmediata do seu uso.

Así mesmo, o usuario asumirá o pago do IBI durante a vixencia do presente contrato e todos os gastos e impostos derivados da formalización do presente contrato en escritura pública e da inscrición desta no Rexistro da Propiedade

Cuarto.- Prazo de duración. - A presente cesión de uso terá un prazo de duración de un ano dende o día seguinte á recepción da notificación polo cedente da resolución pola que o usuario a acepte, e prorrogarse automaticamente por periodos anuais.

Non obstante, transcorrido o primeiro ano de duración, calquera das partes poderá resolver a presente cesión de uso, notificándoo de forma fehaciente á outra parte cunha antelación mínima de un mes, sen que exista dereito a indemnización.

Quinto.- Causas de resolución. - Ademais das establecidas na normativa aplicable, o incumprimento de calquera das cláusulas faculta ás partes para a resolución do contrato.

Sexto.- Finalización do contrato e devolución da parcela. - Finalizada a presente cesión de uso, a finca será devolta ao cedente libre, vacua e expedita, sendo por conta e cargo do usuario a retirada dos vehículos e calesqueira outros elementos ou obxecto que se encontraran no interior da finca.

Así mesmo, a parcela incorporará as melloras nela realizadas así como as obras previstas no citado informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data de 19 de novembro de 2015.

Sétimo.- Responsabilidade civil e danos no ben. - Os danos ocasionados á parcela e os que poideran ocasionarse a terceiros/as con ocasión do seu uso quedan incluídos no ámbito de aplicación das pólizas de danos en bens e responsabilidade civil que o Concello teña subscritas.

Oitavo.- Carteis publicitarios.- En relación cos carteis publicitarios que a cedente pretende instalar no solar, co fin de deixar expedita e funcional a área de aparcadoiro, ditos carteis colocaranse na parte traseira da explanada, ao pe do taúde existente.

Noveno.- Réxime xurídico aplicable.- De conformidade co establecido no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos do Sector Público, o presente contrato ten carácter privado, rexíndose, en cuanto á súa preparación e adxudicación, pola lexislación de contratos do sector público e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos términos do artigo 149.1.18 da Constitución e disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexeráse, en todo o non previsto no presente documento, polas normas do dereito privado e polo establecido no presente documento; isto, de conformidade co establecido no artigo 1255 do Código Civil”.

Segundo: aceptar a cesión de uso proposta no escrito rexistrado de entrada con data de 19 de abril de 2016, ao número 0/3122, presentado por **Patrucial S.L.**, con CIF B155241135, completando o anterior e facendo constar que:

Primeiro: que, como se reflexa no plano que achega ao citado escrito de 19 de xaneiro, da citada parcela, con referencia catastral 3537715NH5933N0001MX, cédense 1.160 m2.

Segundo: que a entidade “Patrucial S.L.” é tamén titular das fincas anexas, con referencias catastrais 3537714NH5933N0001FX e 3537716NH5933N0001OX.

Terceiro: que, como se reflexa no plano que achega ao citado escrito de 19 de xaneiro, tamén se cede o uso de 86 m2 da parcela con referencia catastral 3537714NH5933N0001FX e 15 m2 da parcela con referencia catastral 3537716NH5933N0001OX, rexéndose esta cesión polas mesmas cláusulas que as recollidas no citado escrito 0/419, de 19 de xaneiro.

Achégase documentación xustificativa da titularidade das parcelas obxecto de cesión de uso con referencias catastrais 3537715NH5933N0001MX e 3537716NH5933N0001OX”.

Terceiro: aceptar a cesión de uso proposta no escrito rexistrado de entrada con data de 27 de novembro de 2015, ao número 0/10661, presentado por **Vernalia Inversiones S.L.**, con CIF B15968456, representada pola administradora solidaria dona María del Carmen López López, con DNI 34255361N, segundo escritura número de protocolo 706, outorgada ante o notario don Víctor Peón Rama con data de 14 de abril de 2011, no que propón ceder o uso da totalidade da parcela inscrita no Rexistro de Propiedade número 5 de A Coruña, tomo 2502, libro 249, folio 24, alta 4, número de finca 11483, con referencia catastral 2360906NH5926S0001RI, conforme ás seguintes cláusulas:



“Primeira- Cesión e destino.- O Concello de Cambre (en adiante, usuario) utilizará única e exclusivamente a parcela obxecto de cesión para aparcadoiro público provisional. Calquera outro uso distinto requerirá autorización expresa do cedente.

O usuario poderá realizar todas as obras necesarias para que a parcela sirva ao fin para o que se cede; en concreto, segundo informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data de 19 de novembro de 2015, “os traballos de acondicionamento consisten básicamente na limpeza e desbroce da explanada, nivelación e posta cota da súa capa base para posteriormente pavimentar a superficie mediante aporte de material reciclado para a súa reutilización como material reciclado para a súa reutilización como material granular de granulometría continua”.

Así mesmo, poderá realizar todas aquelas obras que resulten necesarias para a súa conservación e mantemento.

Queda prohibida a cesión do uso obxecto deste contrato a favor de terceiras personas, por calquera título.

Segunda- Gratuidad.- A presente cesión de uso ten carácter gratuito, en consideración ao seu destino e ó interese público que representa o usuario.

Terceiro- Gastos.- Serán por conta do usuario todos os gastos necesarios para o uso, conservación e mantemento da parcela obxecto de cesión, así como dos ocasionados como consecuencia do seu uso, incluíndo o consumo de electricidade, auga e, no seu caso, o mantemento dos seus propios contadores, licenzas de obra e apertura, etc.

Tamén serán por conta do usuario todas as reparacións a realizar no interior da finca ou no seus accesorios que traian causa directa e inmediata do seu uso.

Así mesmo, o usuario asumirá o pago do IBI durante a vixencia do presente contrato e todos os gastos e impostos derivados da formalización do presente contrato en escritura pública e da inscrición desta no Rexistro da Propiedade

Cuarto.- Prazo de duración.- A presente cesión de uso terá un prazo de duración de un ano dende o día seguinte á recepción da notificación polo cedente da resolución pola que o usuario a acepte, e prorrogarase automaticamente por períodos anuais.

Non obstante, transcorrido o primeiro ano de duración, calquera das partes poderá resolver a presente cesión de uso, notificándoo de forma fehaciente á outra parte cunha antelación mínima de un mes, sen que exista dereito a indemnización.

Quinto.- Causas de resolución.- Ademais das establecidas na normativa aplicable, o incumprimento de calquera das cláusulas faculta ás partes para a resolución do contrato.

Sexto.- Finalización do contrato e devolución da parcela.- Finalizada a presente cesión de uso, a finca será devolta ao cedente libre, vacua e expedita, sendo por conta e cargo do usuario a retirada dos vehículos e calesqueira outros elementos ou obxecto que se encontraran no interior da finca.

Así mesmo, a parcela incorporará as melloras nela realizadas así como as obras previstas no citado informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data de 19 de novembro de 2015.

Sétimo.- Responsabilidade civil e danos no ben.- A responsabilidade polos danos ocasionados á parcela e os que poideran ocasionarse a terceiras personas con ocasión do seu uso serán responsabilidade exclusiva do usuario, quedando incluídos no ámbito de aplicación das pólizas de danos en bens e responsabilidade civil que o Concello teña subscritas. A mercantil cedente, e o seu persoal e directivos, quedan totalmente exentos de responsabilidade fronte o usuario e fronte a terceiros por ista circunstancia.

Oitavo.- Réxime xurídico aplicable.- De conformidade co establecido no artigo 20 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos do Sector Público, o presente contrato ten carácter privado, rexíndose, en cuanto á súa preparación e adxudicación, pola lexislación de contratos do sector público e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución e disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexeráse, en todo o non previsto no presente documento, polas normas do dereito privado e polo establecido no presente documento; isto, de conformidade co establecido no artigo 1255 do Código Civil”.

Cuarto: aceptar a cesión de uso proposta no escrito rexistrado de entrada con data de 23 de xuño de 2016 ao número 0/5509, presentado por **Vernalia Inversiones S.L.**, con CIF B15968456, representada neste acto por don Carlos Hernández López, con DNI 32397764X, a quen a administradora solidaria, dona María del Carmen López López, con DNI 34255361N, lle outorgou poder “apud acta” para representala neste acto, segundo escritura número de protocolo 706, outorgada ante o notario don Víctor Peón Rama con data de 14 de abril de 2011, no que propón ceder o uso da totalidade da parcela inscrita no Rexistro de Propiedade número 5 de A Coruña, tomo 3122, libro 436, folio 13, alta 2, número de finca 11574, con referencia catastral 2360904NH5926S0001-OI, conforme ás seguintes cláusulas:

“Primeira- Finalidade.- A presente cesión de uso formalízase desde a necesidade que ten o Concello de implantar na zona dotacións locais ao servizo do chan urbano da contorna, e desde o recoñecemento da vocación urbanizable que ten o ámbito do SAU RD1 das NN.SS. vixentes.

O Concello de Cambre (en adiante, usuario) utilizará única e exclusivamente a parcela obxecto de cesión para aparcadoiro público provisional. Calquera outro uso distinto requirirá autorización expresa do cedente.

Segunda- Cesión e destino.- O usuario poderá realizar todas as obras necesarias para que a parcela sirva ao fin para o que se cede; en concreto, as descritas no proxecto asinado con data 20 de xuño de 2016 polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal, don Óscar Souto Muiño, que consta no expediente.

Así mesmo, poderá realizar todas aquelas obras que resulten necesarias para a súa conservación e mantemento.

Queda prohibida a cesión do uso obxecto deste contrato a favor de terceiras persoas, por calquera título.

Segunda- Gratuidad.- A presente cesión de uso ten carácter gratuito, en consideración ao seu destino e ó interese público que representa o usuario.

Terceira- Gastos.- Serán por conta do usuario todos os gastos necesarios para o uso, conservación e mantemento da parcela obxecto de cesión, así como dos ocasionados como consecuencia do seu uso, incluíndo o consumo de electricidade, auga e, no seu caso, o mantemento dos seus propios contadores, licenzas de obra e apertura, etc.

Tamén serán por conta do usuario todas as reparacións a realizar no interior da finca ou no seus accesorios que traian causa directa e inmediata do seu uso.

Así mesmo, o usuario asumirá o pago do IBI durante a vixencia do presente contrato e todos os gastos e impostos derivados da formalización do presente contrato en escritura pública e da inscrición desta no Rexistro da Propiedade

Cuarta.- Prazo de duración.- A presente cesión de uso terá un prazo de duración de un ano dende o día seguinte á recepción da notificación polo cedente da resolución pola que o usuario a acepte, e prorrogase automaticamente por períodos anuais.

Non obstante, transcorrido o primeiro ano de duración, calquera das partes poderá resolver a presente cesión de uso, notificándoo de forma fehaciente á outra parte cunha antelación mínima de un mes, sen que exista dereito a indemnización.

Quinta.- Causas de resolución.- Ademais das establecidas na normativa aplicable, o incumprimento de calquera das cláusulas faculta ás partes para a resolución do contrato.

Sexta.- Finalización do contrato e devolución da parcela.- Finalizada a presente cesión de uso, a finca será devolta ao cedente libre, vacua e expedita, sendo por conta e cargo do usuario a retirada dos vehículos e calesqueira outros elementos ou obxecto que se encontraran no interior da finca.

Así mesmo, a parcela incorporará as melloras nela realizadas así como as obras previstas no citado informe emitido pola enxeñeira técnica de obras públicas municipal con data de 19 de novembro de 2015.

Sétima.- Responsabilidade civil e danos no ben.- A responsabilidade polos danos ocasionados á parcela e os que poideran ocasionarse a terceiras personas con ocasión do seu uso serán responsabilidade exclusiva do usuario, quedando incluídos no ámbito de aplicación das pólizas de danos en bens e responsabilidade civil que o Concello teña subscritas. A mercantil cedente, e o seu persoal e directivos, quedan totalmente exentos de responsabilidade fronte o usuario e fronte a terceiros por ista circunstancia.

Oitava.- Cartel informativo.- Na entrada do aparcadoiro colocárase un cartel informativo indicando que se trata dun terreo privado destinado provisionalmente a aparcadoiro público e gratuito.

Novena.- Réxime xurídico aplicable.- De conformidade co establecido no artigo 20 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Ley de Contratos do Sector Público, o presente contrato ten carácter privado, rexíndose, en canto á súa preparación e adjudicación, pola lexislación de contratos do sector público e no seu caso da Comunidade Autónoma de Galicia nos termos do artigo 149.1.18 da Constitución e disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

En canto aos seus efectos e extinción rexeráse, en todo o non previsto no presente documento, polas normas do dereito privado e polo establecido no presente documento; isto, de conformidade co establecido no artigo 1255 do Código Civil”.

Quinto: aceptar a proposta que se recolle no escrito rexistrado de entrada con data de 1 de setembro de 2016, ao número 0/7201, presentado pola entidade “**Confer Inversiones S.L.**”, con CIF B15712458, representada por don Miguel Ángel Conde Martínez, con DNI 32807150L, no que propón a sinatura dun contrato de comodato sobre a parcela da súa titularidade, finca rexistral número 11573, inscrita no Rexistro da propiedade número 7 da Coruña, libro 405 de Cambre, folio 170, con referencia catastral 2360907NH5926S0001DI, nos termos que a continuación se indica:

Primeira- Cesión e destino.- O Concello de Cambre utilizará única e exclusivamente a parcela obxecto de cesión para aparcadoiro público provisional. Calquera outro uso distinto requirirá autorización expresa dos cedentes. O Concello poderá realizar todas as obras necesarias para que a parcela sirva ao fin para o que se cede; en concreto, poderá realizar as obras incluídas no proxecto elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal en xuño de 2016, denominado “Aparcamientos Provisionales en UE-4 e A Coutelana”, que se achega como anexo II ao presente escrito.

Así mesmo, o Concello poderá realizar todas aquelas obras que resulten necesarias para a súa conservación e mantemento. Queda prohibida a cesión do uso obxecto deste contrato a favor de terceiras persoas, por calquera título.

Segunda- Gratuidade.- A presente cesión de uso ten carácter gratuito, en consideración ao seu destino e ó interese público que representa o Concello.

Terceira- Gastos.- Serán por conta do Concello todos os gastos necesarios para o uso, conservación e mantemento da parcela obxecto de cesión, así como dos ocasionados como consecuencia do seu uso, incluíndo o consumo de electricidade, auga e, no seu caso, o mantemento dos seus propios contadores, licenzas de obra e apertura, etc. Tamén serán por conta do Concello todas as reparacións a realizar no interior da finca ou no seus accesorios que traian causa directa e inmediata do seu uso. Así mesmo, o Concello asumirá o pago do IBI durante a vixencia do presente contrato e todos os gastos e impostos derivados da formalización do presente contrato en escritura pública e da inscrición desta no Rexistro da Propiedade.

Cuarta.- Obriga para o Concello.- O Concello realizará a delimitación da parcela no fronte da Travesía Coutelana, mediante postes metálicos ou formigón e arame, excepto na posición de entrada de vehículos.

Quinta.- Prazo de duración.- A presente cesión de uso terá un prazo de duración de un ano dende o día seguinte á recepción da notificación polo cedente da resolución pola que o Concello a acepte, e prorrogarase automaticamente por períodos anuais. Non obstante, transcorrido o primeiro ano de duración, calquera das partes poderá resolver a presente cesión de uso, notificándoo de forma fehaciente á outra parte cunha antelación mínima de un mes, sen que exista dereito a indemnización por ningunha das partes.

Sexta.- Causas de resolución.- Ademais das establecidas na normativa aplicable, o incumprimento de calquera das cláusulas faculta ás partes para a resolución do contrato.

Sétima.- Finalización da cesión e devolución da parcela.- Finalizada a presente cesión de uso, a finca será devolta ao cedente libre, vacua e expedita, sendo por conta e cargo do Concello a retirada dos vehículos e calesqueira outros elementos ou obxeto que se encontraran no interior da finca, no prazo improrrogable de dez días naturais.

Así mesmo, a parcela incorporará as melloras nela realizadas así como as obras previstas no proxecto elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal en xuño de 2016, denominado "Aparcamientos Provisionales en UE-4 e A Coutelana", que se achega como anexo II ao presente escrito.

Oitava.- Responsabilidade civil e danos no ben.- Os danos ocasionados á parcela e os que puideran ocasionarse a terceiros/as con ocasión do seu uso, serán responsabilidade do Concello de Cambre.

Novena.- Cartel informativo.- Na entrada do aparcadoiro colocarse un cartel informativo indicando que se trata dun terreo privado destinado provisionalmente a aparcadoiro público e gratuíto.

Décima.- Réxime xurídico aplicable.- Aos efectos da extinción da presente cesión de uso, esta rexerese, en todo o non previsto no presente documento, polas normas do dereito



privado e polo establecido no presente documento; isto, de conformidade co establecido no artigo 1255 do Código Civil.

Undécima.- Calificación.- O Concello de Cambre se compromete a manter a calificación de solo urbanizable que actualmente teñen as parcelas obxecto da cesión no PGOM que se está a tramitar actualmente e, no seu caso, no que se poda tramitar”.

Sexto: aceptar a proposta que se recolle no escrito rexistrado de entrada con data de 1 de setembro de 2016, ao número 0/7202, presentado pola entidade “**Confer Inversiones S.L.**”, con CIF B15712458, representada por don Miguel Ángel Conde Martínez, con DNI 32807150L, por dona **María Barbeito Reboredo**, con DNI 32786961, por don **Santiago Fresco Barbeito**, con DNI 76294062A e por don **Ramón Segundo Fresco Barbeito**, con DNI 32786962W, no que propón a sinatura dun contrato de comodato sobre a parcela da súa titularidade, finca rexistral número 53, inscrita no Rexistro da propiedade número 5 da Coruña, libro 163 de Cambre, folio 219, con referencia catastral 2360905NH5926S0001KI, nos termos que a continuación se indica:

Primeira.- Cesión e destino.- O Concello de Cambre utilizará única e exclusivamente a parcela obxecto de cesión para aparcadoiro público provisional. Calquera outro uso distinto requirirá autorización expresa dos cedentes. O Concello poderá realizar todas as obras necesarias para que a parcela sirva ao fin para o que se cede; en concreto, poderá realizar as obras incluídas no proxecto elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal en xuño de 2016, denominado “Aparcamientos Provisionales en UE-4 e A Coutelana”, que se achega como anexo II ao presente escrito.

Así mesmo, o Concello poderá realizar todas aquelas obras que resulten necesarias para a súa conservación e mantemento. Queda prohibida a cesión do uso obxecto deste contrato a favor de terceiras persoas, por calquera título.

Segunda.- Gratuidade.- A presente cesión de uso ten carácter gratuito, en consideración ao seu destino e ó interese público que representa o Concello.

Terceira.- Gastos.- Serán por conta do Concello todos os gastos necesarios para o uso, conservación e mantemento da parcela obxecto de cesión, así como dos ocasionados como consecuencia do seu uso, incluíndo o consumo de electricidade, auga e, no seu caso, o mantemento dos seus propios contadores, licenzas de obra e apertura, etc. Tamén serán por conta do Concello todas as reparacións a realizar no interior da finca ou no seus accesorios que traian causa directa e inmediata do seu uso. Así mesmo, o Concello asumirá o pago do IBI durante a vixencia do presente contrato e todos os gastos e impostos derivados da formalización do presente contrato en escritura pública e da inscrición desta no Rexistro da Propiedade.

Cuarta.- Obriga para o Concello.- O Concello realizará a delimitación da parcela no fronte da Travesía Coutelana, mediante postes metálicos ou formigón e arame, excepto na posición de entrada de vehículos.

Quinta.- Prazo de duración.- A presente cesión de uso terá un prazo de duración de un ano dende o día seguinte á recepción da notificación polo cedente da resolución pola que o Concello a acepte, e prorrogarase automaticamente por períodos anuais. Non obstante, transcorrido o primeiro ano de duración, calquera das partes poderá resolver a presente cesión de uso, notificándoo de forma fehaciente á outra parte cunha antelación mínima de un mes, sen que exista dereito a indemnización por ningunha das partes.

Sexta.- Causas de resolución.- Ademais das establecidas na normativa aplicable, o incumprimento de calquera das cláusulas faculta ás partes para a resolución do contrato.

Sétima.- Finalización da cesión e devolución da parcela.- Finalizada a presente cesión de uso, a finca será devolta ao cedente libre, vacua e expedita, sendo por conta e cargo do Concello a retirada dos vehículos e calesqueira outros elementos ou obxecto que se encontraran no interior da finca, no prazo improrrogable de dez días naturais.

Así mesmo, a parcela incorporará as melloras nela realizadas así como as obras previstas no proxecto elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal en xuño de 2016, denominado "Aparcamientos Provisionales en UE-4 e A Coutelana", que se achega como anexo II ao presente escrito.

Oitava.- Responsabilidade civil e danos no ben.- Os danos ocasionados á parcela e os que puideran ocasionarse a terceiros/as con ocasión do seu uso, serán responsabilidade do Concello de Cambre.

Novena.- Cartel informativo.- Na entrada do aparcadoiro colocarse un cartel informativo indicando que se trata dun terreo privado destinado provisionalmente a aparcadoiro público e gratuito.

Décima.- Réxime xurídico aplicable.- Aos efectos da extinción da presente cesión de uso, esta rexerese, en todo o non previsto no presente documento, polas normas do dereito privado e polo establecido no presente documento; isto, de conformidade co establecido no artigo 1255 do Código Civil.

Undécima.- Calificación.- O Concello de Cambre se compromete a manter a calificación de solo urbanizable que actualmente teñen as parcelas obxecto da cesión no PGOM que se está a tramitar actualmente e, no seu caso, no que se poda tramitar".

Sétimo: Notificar os anteriores acordos aos propietarios citados.

Oitavo: Notificar os anteriores acordos á sección de obras e servizos, á sección de planeamento e xestión e ao departamento de intervención.

3.2. Aprobación do proxecto elaborado polo enxeñeiro de camiños, canles e portos municipal coa data do 20 de xuño de 2016 denominado "Aparcamientos provisionais na Unidade de Execución número 4 e A Coutelana e adjudicación da obra contida no mesmo, como contrato menor, á empresa "Construcciones López Cao, S.L.", co CIF B15072713, no importe ofertado de 43.802,00 euros, IVE incluído.

Con data 11 de abril de 2016, o Xefe da Sección de Planeamiento e Xestión, emite informe no que se propón a contratación menor dos aparcadoiros provisionais na UE 4 e A Coutelana, acompañado dun proxecto redactado polo enxeñeiro municipal de camiños canais e portos municipal don Oscar Souto Muiño, por un importe de execución por contrata de 43.974,46 euros IVE incluído (prezo sen IVE 30.539,94 euros)

Con data de 5 de agosto de 2016, remitíronse invitacións mediante correo electrónico para participar na presente licitación a tres empresas, cuxo obxecto social comprende o obxecto do presente contrato, ("Arias Infraestructuras, S. A.", Canarga, S.L.", e "Construcciones López Cao, S.L."), quedando no expediente a acreditación da recepción das invitacións enviadas . As tres entidades invitadas presentaron as súas ofertas, que constan rexistradas no expediente.

Con data do 29 de agosto de 2016 emitiuse proposta de adjudicación polo arquitecto municipal, a prol da entidade "Construcciones López Cao, S.L.", por ser a que maior puntuación obtén na valoración do criterio de adjudicación factor prezo, ao efectuar a oferta máis baixa, comprometéndose á execución do contrato no importe total de 43.802,00 €, IVE incluído.

A Intervención Municipal emitiu documento de retención de crédito de data 5 de agosto de 2016

Os artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), establecen que nos contratos de obras, se considerarán contratos menores os de importe inferior a 50.000 euros, que poderán adjudicarse directamente a calquera empresario con capacidade de obrar e que conte coa habilitación profesional necesaria para a realización da prestación, e que a tramitación do expediente só esixirá a aprobación do gasto e a incorporación da factura correspondente.

Visto o informe emitido pola secretaria accidental con data de 1 de setembro actual, e incoado expediente de contratación nº SIGM 2016/C002/000023.

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 2 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar a proposta presentada polo arquitecto municipal, para a contratación da obra denominada aparcadoiros Provisionais na UE 4 e A Coutelana, así como o proxecto realizado polo enxeñeiro camiños canais e portos municipal don Oscar Souto Muiño, por un importe execución por contrata de 43.974,46 euros IVE incluído (prezo sen IVE: 30.539,94 euros).

Segundo: Aprobar o gasto con cargo á aplicación 2016 15/61900 "Otras invers. Reposici. Infraestruct. Urbanismo".

Terceiro: Acordar a contratación como contrato menor, expte 2016/C002/000023, da obra de referencia, isto en aplicación do establecido nos artigos 111 e 138.3 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.



Cuarto: Admitir na licitación ás tres entidades invitadas e que presentaron oferta, sendo estas “Arias Infraestructuras, S.A.”, Canarga, S.L.” e Construcciones López Cao, S.L.”.

Quinto: Adxudicar o contrato no prezo ofertado de 43.802,00 euros (IVE incluído), á empresa “Construcciones López Cao, S.L.” con CIF B-15072713 e enderezo en Avda. Finisterre, nº 267, 15008 A Coruña, por ser o licitador que propón a oferta máis vantaxosa, en función do factor prezo, único criterio valorable no presente procedemento, ao realizar a oferta economicamente máis baixa.

Sexto: De conformidade co establecido no art. 111.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, deberá incorporarse ao expediente a factura correspondente, que, en todo caso, deberá conter as mencións previstas no art. 72.1 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas.

Sétimo: Designarase como director da obra e responsable do contrato, para os efectos previstos no artigo 52 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, ao arquitecto municipal, don José Ramón Díaz Barbeito, a quen lle corresponderá supervisar a súa execución, adoptar as decisións, e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada.

Oitavo: Notifíquese aos interesados, con indicación dos recursos que procedan, así como aos Departamentos de Intervención e Urbanismo, e á técnica de xestión de Administración xeral-responsable de Contratación, para a súa constancia e aos efectos oportunos.

3.3 Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde da obra “Mellora da Seguridade viaria e de accesibilidade na AC-214, Cambre”

Logo de ver o expediente de contratación incoado para a adxudicación da obra “Mellora da Seguridade viaria e de accesibilidade na Ac-214, Cambre” (Expediente: 2016/C002/00008)

Logo de ver o plan de seguridade presentado pola empresa adxudicataria “Excavaciones J. Cancela Esmorís, S.L.”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 31 de agosto de 2016, rexistrado ao número 0/7170, ao que achega informe favorable presentado coa mesma data e emitido por dona Laura López Santiago, designada como coordinadora de seguridade e saúde da obra.

Á vista do informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Municipal de data 1 de setembro de 2016, Xefe da Sección de Servizo (P.D.),

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras,

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 1 de setembro de 2016.



A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde, presentado pola empresa “Excavaciones J. Cancela Esmoris, S.L.”, para a execución da obra denominada “Mellora da Seguridade viaria e de accesibilidade na AC-214, Cambre”, expediente 2016/C002/000008.

Segundo: Notificar aos interesados.

3.4 Proposta de aprobación do Plan de seguridade e saúde da obra “Mellora do pavimento das rúas Ramón Cabanillas, Emilia Pardo Bazán”

Logo de ver o expediente de contratación incoado para a adxudicación da obra “Mellora do pavimento das rúas Ramón Cabanillas, Emilia Pardo Bazán”. (Expediente: 2016/C002/00011)

Logo de ver o plan de seguridade presentado pola empresa adxudicataria “Canarga, S.L.”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 31 de agosto de 2016, rexistrado ao número 0/7169, ao que se achega informe favorable presentado coa mesma data e emitido por dona Laura López Santiago, designada como coordinadora de seguridade e saúde da obra.

Á vista do informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Municipal de data 1 de setembro de 2016, Xefe da Sección de Servizo (P.D.),

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras,

Vista proposta do concelleiro delegado da área de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente e Patrimonio, de data 1 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:

Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde, presentado pola empresa “Canarga, S.L.” para a execución da obra denominada obra “Mellora do pavimento das rúas Ramón Cabanillas, Emilia Pardo Bazán” (expediente 2016/C002/000011).

Segundo: Notificar aos interesados.

4º Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 26 de agosto ao 1 de setembro do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1361/2016 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico número 1401/2016, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data	Asunto
------------	------	--------

	sinatura	
1361/2016	26/08/2016	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Voceiros do 31 de agosto de 2016, con carácter supletorio da correspondente ao 17 de agosto de 2016
1362/2016	26/08/2016	Convocatoria Pleno extraordinario 31 de agosto de 2016, ás 13:30 horas
1363/2016	26/08/2016	Convocatoria Xunta Goberno Local do día 29 de agosto de 2016
1364/2016	26/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución aos sucesores de dona CCD para rectificar as deficiencias detectadas na finca situada en Sigrás de Abaixo, Sigrás, existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm a menos de 50 metros dunha vivenda
1365/2016	26/08/2016	Queixa por estado abandono finca colindante en Seoane nº 43
1366/2016	26/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución a dona SIML e don JLRV para a roza da maleza existente na finca situada en Pena da Nosa Señora, Cambre
1367/2016	26/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución a don BLO para a roza da maleza existente na finca situada en Pena da Nosa Señora, Cambre
1368/2016	26/08/2016	Aprobación da xustificación e proposta de pago das subvencións municipais a entidades veciñais sen fin de lucro para actividades en centros escolares correspondentes ao ano 2015. Educación
1369/2016	26/08/2016	Aprobar a xustificación presentada do cumprimento do obxecto do convenio, e recoñecer e liquidar obrigas a prol da Asociación de pais de persoas con parálisis cerebral (ASPACE), importe de 2.000,00 euros, en concepto de achega correspondente ao convenio de colaboración entre o Concello de Cambre e a entidade para o desenvolvemento do servizo de hidroterapia no 2015
1370/2016	26/08/2016	Aprobación de facturas (OI, S.L. e máis), e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe total de 143.941,89 euros
1371/2016	26/08/2016	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas (CO, S.L. e máis), por importe total de 45.877,59 euros
1372/2016	26/08/2016	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención (C., S.L. e máis) por importe total 11.139,50 euros
1373/2016	26/08/2016	Aprobar a xustificación presentada e recoñecer e liquidar obrigas a favor do Club Ciclista Cambre-Caeiro por importe de 4.000,00 euros en concepto de segunda achega do Concello de Cambre correspondente ao Convenio de colaboración para a promoción do ciclismo ano 2015
1374/2016	29/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución a don JLR para a roza

		da finca situada en Fraiz, Cecebre
1375/2016	29/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución aos sucesores de don LPR para a roza da maleza e a tala dos eucaliptos existentes na finca situada en Fraiz, Cecebre
1376/2016	29/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución aos sucesores de don JGO e dona MPS para a roza da maleza existente na finca situada na Xira, Sigrás
1377/2016	29/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución a dona MVP e don JRL para a roza da maleza existente na finca situada en Fontaiña, s/n, Bribes
1378/2016	29/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de MPCh para a roza da maleza existente na finca situada en Fontaiña, s/n, Bribes
1379/2016	29/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución a don PFP para a roza da maleza existente na finca situada en Fontaiña, s/n, Bribes
1380/2016	29/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución a don CSV para a roza da maleza existente na finca situada en Fontaiña, s/n, Bribes
1381/2016	29/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución a don BCP para a roza da maleza existente na finca situada en Fontaiña, s/n, Bribes
1382/2016	29/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución aos herdeiros de VPB para a roza da maleza existente na finca situada en Fontaiña, s/n, Bribes
1383/2016	29/08/2016	Incoar expediente a don LDM para a imposición de multas coercitivas, con periodicidade trimestral e por importe, cada vez, de 1.000 €, para a execución forzosa da resolución da concelleira delegada da área de Urbanismo e Medio Ambiente de 30 de abril de 2012, que ordenou a retirada das pedras colocadas na marxe da finca situada en Aldea de Arriba, Cecebre, na beira do camiño público que transcorre ao longo dela
1384/2016	29/08/2016	Suspender inmediatamente os actos de construción que está a realizar don JEA nas fincas situadas en Quintán, Cecebre consistentes na construción dun cerramento sen licenza nin comunicación previa
1385/2016	29/08/2016	Expedientes sancionadores de tráfico: DII (P3691)
1386/2016	30/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución a don ALC, dona MPLC e don JLLC para a roza das fincas situadas en Fontaiña, Bribes
1387/2016	30/08/2016	Conceder a licenza para a rehabilitación dun muro de contención en Xan Faba, núm. 9, parroquia de Sigrás, Cambre. Solicitante: MSA
1388/2016	30/08/2016	Rectificar o erro material detectado na resolución da concellería delegada número 1365/2016 de data 26 de agosto de 2016 e iniciar expediente de orde de execución aos sucesores de don ALR para rectificar as seguintes deficiencias detectadas na

		finca situada en Anceis, Anceis
1389/2016	30/08/2016	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 2.430,30 euros
1390/2016	30/08/2016	Aprobación de facturas, e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas (CYS HISPANIA, S.L. e máis), por importe total de 57.459,07 euros
1391/2016	30/08/2016	Corrección de erros da proposta de aprobación das condicións para concertar un préstamo para financiar en parte os investimentos do orzamento municipal de 2016
1392/2016	30/08/2016	Aprobación xestión padroal do mes de abril de 2016
1393/2016	31/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución a dona MFMG para a roza da maleza existente na finca situada en Fontaiña, s/n, Bribes
1394/2016	31/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución a dona MPPV e os sucesores de dona MVD para a corta das pólas das árbores existentes na finca situada en San Paio, Brexo
1395/2016	31/08/2016	Ordenar a dona RMCh que adopte as medidas necesarias para solucionar os feitos denunciados, que deberán consistir en: rozar a maleza existente na finca; podas as pólas das árbores que sobresaían á vía pública, entrando en contacto co tendido eléctrico e/ou de telecomunicacións; cortar as árbores con risco de caída por ter as raíces ao aire na finca situada no Vilar, Bribes
1396/2016	31/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución aos sucesores de NCM, don JR.CP, dona MTCP e dona RMCP para reparar as seguintes deficiencias detectadas na finca situada en Sigrás de Abaixo, Sigrás, existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm; existencia de vexetación que sobresaie á vía pública
1397/2016	31/08/2016	Iniciar expediente de orde de execución a don ALB para reparar as seguintes deficiencias detectadas na finca situada en Gaitero, Sigrás, existencia de estrato arbustivo e herbáceo cunha altura superior a 100 cm
1398/2016	01/09/2016	Aprobar relación de admitidos das actividades deportivas do verán 2016
1399/2016	01/09/2016	Aprobación xestión padroal do mes de maio de 2016
1400/2016	01/09/2016	Aprobación xestión padroal do mes de xuño de 2016
1401/2016	01/09/2016	Autorización de uso de espazo público durante a feira tradicional de Cambre. Carpa BNG

5º. Informes doutros asuntos de área

Informes do concelleiro delegado da área de Recursos Humanos e Servizos Sociais

Don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez dá conta dos seguintes asuntos:

- A partir do vindeiro 1 de outubro de 2016 e de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, os sábados deixan de ser hábiles, polo que a partir do 1 de outubro non abrirá o rexistro. Manifesta que dende o goberno local se propoñerá a apertura do rexistro os mércores de 16:00 ás 20:00 horas. Está pendente da negociación cos representantes dos traballadores.

- Ante a solicitude de dona Maria Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, que solicitou unha subvención para contratar persoal técnico para realizar actividades de información, orientación e prospección de emprego, o director xeral de Orientación e Promoción Laboral achega a resolución na que se denega a citada subvención, por non acadar a puntuación mínima necesaria.

- O día 1 de setembro do ano que andamos comezou a traballar unha traballadora social.

Informes da concelleira delegada da área de Desenvolvemento Socioeconómico

Dona Leonor Fernández Grande dá conta dos seguintes asuntos:

- Día 29 de agosto:

Recíbese por correo electrónico a resolución de aprobación da subvención do Obradoiro de Emprego “Cambre-Sada Atención sociosanitaria” por un importe de 179.134,20 euros.

Este mesmo día iniciamos a primeira reunión de traballo na Oficina de emprego para constituír o grupo mixto de traballo encargado da selección dos 26 traballadores/as deste obradoiro.

Comeza no Centro Municipal de Formación o segundo curso de “Aplicación de produtos fitosanitarios” impartido a cargo da Consellería do Medio Rural.

- Día 30 de agosto:

Preséntanse na oficina de emprego as ofertas de emprego xenéricas solicitando candidatos/as para o proceso selectivo do obradoiro de emprego, tal como establece a lexislación e se aproban as bases que rexerán dito proceso selectivo.

Recibíronse varias ofertas de emprego que se tramitaron ao longo da semana.

Día 31 de agosto:

Ás 13:00 horas, acudíu xunto coa concelleira de Educación ao acto de entrega de diplomas do último campamento de verán no Colexio Wenceslao Fdez. Flórez

Día 1 de setembro:

O día 30 de agosto preséntanse na oficina de emprego as ofertas de emprego xenéricas solicitando candidatos/as para o procesos electivo do obradoiro de emprego, tal como establece a lexislación e se aproba as bases que rexerán dito proceso selectivo

Día 2 de setembro:

Recibiuse resolución denegatoria da subvención do servizo de Orientación do Servizo público de Emprego de Galicia.

Comeza no día de hoxe o “Mercado Templario” xestionado pola Asociación de Empresarios/as de Cambre (AEC) , no marco de colaboración co concello. Durante toda esta semana, logo de verificar todas as solicitudes, documentación e pago de taxas emítense as autorizacións aos postos de venda ambulante.

Recibiuse por parte de Demarcación de Costas unha petición de documentación e de liquidación de taxas pola ocupación de solo no Paseo Marítimo co motivo da venda ambulante.

Informes da concelleira delegada da área de Servizos e Xuventude

Dona Elisa Pestonit Barreiros dá conta dos seguintes asuntos:

- O día 31 de agosto tivo lugar na Casa da Xuventude a clausura e entrega de diplomas do taller de cómic a cargo da ONG Mestura, ás 13:30.
- O día 1 de setembro o seño alcalde e ela mesma acudiron a Mazaricos, a visitar o parque multiaventura Naturmaz, onde se vai levar a cabo o finde xuvenil no primeiro fin de semana de outubro.

Informes da concelleira delegada da área de Igualdade, Terceira Idade, Voluntariado e Educación

Dona María Jesús Gómez González dá conta dos seguintes asuntos:

- O mércores, día 31 de agosto, entrega de diplomas clausura campamento de verán, xunto con dona Josefa Vázquez Soto e dona Leonor Fernández Grande.
- O venres, día 2 de setembro, asistiu á inauguración do mercado templario, no parque Ramón Barba, no Temple.

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido o artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia da proposta en relación co expediente de “Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Programa de Traballo da obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias na Pagueira 11, 12, 13 Brexo, Cambre”, cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Resolución do 25 de xaneiro de 2016, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños numinipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020”, sendo aprobada por unanimidade dos oito concelleiros asistentes á sesión.

Único: Proposta de aprobación do Plan de Seguridade e Saúde, Plan de Xestión de Residuos e Programa de Traballo da obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións

agropecuarias na Pagueira 11, 12, 13 Brexo, Cambre”, cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Resolución do 25 de xaneiro de 2016, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños numinipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

Logo de ver o expediente de contratación incoado co número 2016/C003/000004 para a adxudicación, por procedemento negociado sen publicidade, da obra cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Resolución do 25 de xaneiro de 2016, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños numinipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020, da obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias na Pagueira 11, 12, 13 Brexo, Cambre”

Logo de ver que con data do 11 de agosto de 2016, asinouse o correspondente contrato coa entidade “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, por un importe de 33.238,22 euros, IVE incluído,

Logo de ver o establecido na cláusula 18.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do contrato, respecto da obriga do adxudicatario de presentar, dentro dos quince días seguintes á sinatura do contrato, e sempre antes do inicio das obras, o Plan de Seguridade e Saúde, o Programa de Traballo e o Plan de residuos específico,

Logo de ver o plan de seguridade presentado pola empresa adxudicataria “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.”, con rexistro de entrada no Concello de Cambre o día 31 de agosto de 2016, rexistrado ao número 0/7183, ao que se achega informe favorable presentado o 2 de setembro de 2016 con número de rexistro 0/7258 e emitido por dona Laura López Santiago da empresa Ingenuiería, Medio Ambiente y Prevención del Noroeste, S.L.U. (IPRENOR), designada como coordinadora de seguridade e saúde da obra, e informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Municipal, Xefe da Sección de Servizos (P.D.) de data 1 de setembro de 2016,

Logo de ver que con data 2 de setembro de 2016 e número de rexistro de entrada 0/7266 a entidade adxudicataria presentou o Plan de Xestión de Residuos e o Programa de Obra, ao que se achega informe favorable emitido polo Enxeñeiro Técnico Municipal de data 2 de setembro de 2016, Xefe da Sección de Servizos (P.D.),

Á vista do establecido para o efecto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, así como o Real Decreto 105/2008 do 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión de residuos de construción e demolición, así como o desposto na cláusula 18.3 do Prego de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente de contratación,

Vista proposta do alcalde en funcións, de data 2 de setembro de 2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos oito concelleiros que a compoñen, acordou:



Primeiro: Aprobar o plan de seguridade e saúde, o plan de xestión de residuos e mailo programa de traballo presentados pola empresa “Construcciones Ponciano Nieto, S.L.” para a execución da obra denominada obra “Mellora de camiños de acceso a explotacións agropecuarias na Pagueira 11, 12, 13 Brexo, Cambre”, cofinanciada con fondos europeos Feder ao abeiro da Resolución do 25 de xaneiro de 2016, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se aproba o Plan Marco: Mellora de camiños numinipais de acceso a explotacións agrarias-2016, cofinanciado co fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao abeiro do PDR de Galicia 2014-2020.

Segundo: Notificar aos interesados.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Oscar A. García Patiño

Verónica María Otero López